

**RETRATO DE DORA MAAR
PABLO PICASSO**



SON UN ARTISTA

Reproducimos a obra de Picasso mediante a técnica de collage.


-Debuxamos a forma da cara redonda en un folio tal e como se aprecia na imaxe.

-Recortamos partes da cara de distintos tamaños de revistas e pegamos formando unha composición “abstracta”, deixando voar a imaxinación do neno/a a partir da observación do cuadro.

-Para decorar o cuadro creamos un marco ao redor de toda a folla con formas : quebradas, trazos oblicuos, circuliños, triángulos etc.. En 3 anos usamos formas máis sinxelas : rectas, circuliños, puntiños, ondas....

- Reproducimos o cadro con elementos que hai pola casa: tornillos, la, tela, fabas etc... todo o que se nos ocorra . (vesaxe imaxes adxuntas)

Exemplo de marco



Exemplo collage



Exemplo de cadros con elementos da casa



ESTE PICASSO É UN CASO

-O neno/a escribe o seu nome e o de Picasso en dúas tarxetas (un en cada tarxeta). En 3 anos escribimoslle o nome do autor ou ben para que copien ou repasen con rotus,cores etc..


-Contan as letras de ambos e escriben cantas teñen en común.

-Escribimos o nome do pintor en vertical, e a modo de acrostico buscamos obxectos da casa cuxa inicial comecen por cada letra. En tres anos poden buscar as cousas e debuxalas.

Exemplo:

Pelota
Imán
Cociña
Almofada
Sillón
Servilleta
Ovillo

– Recitamos o fragmento da seguinte poesía:



COMO ME SINTO?

- Debuxamos tarxetas con caras que expresen distintas emocións. (alegría, tristeza, rabia..), si temos depresores, palliñas etc... pegamos as caras neles, senón facemolas en distintas tarxetas. Tamén se poden imprimir nos adxuntos que veñen ao final do documento.
- Despois de falar cos nenos de que é unha emoción e saber cales recoñecen; preguntamoslles como creen que se sente a muller do cuadro; Por que?. Así mesmo tamén lles preguntamos como se sinten eles en ese momento .
- Sacamos unha tarxeta ao azar e teñen que representar esa emoción a través da mímica; os demais temos que adiviñar como se sente en ese momento.

Exemplo de tarxetas con depresores



TIRA O DADO PARA FACER O TEU CADRO

- Con un dado que podemos elaborar na casa coa plantilla que se adxunta ao final do documento ou calquera que teñamos na casa imos a facer o seguinte xogo:
 - Tiramos o dado e contamos o numero de puntos que saíu.
 - A primeira tirada correspóndese coa forma da cara, comprobamos na plantilla que forma nos saíu e debuxamola.
 - A segunda tirada correspóndese coa forma dos ollos. Miramos que número nos tocou e debuxamos os ollos.
 - A terceira tirada correspóndese coa nariz. Miramos que número nos tocou e facemos o nariz correspondente.
 - A última e cuarta tirada corresponde coa boca. Facemos o mesmo que nas anteriores.
 - Ao final comprobamos como quedou a nosa composición que deseguro estará chulísima.
- (A plantilla para o xogo é a que ven a continuación)

CARAS PICASSIANAS

	1ª TIRADA	2ª TIRADA	3ª TIRADA	4ª TIRADA
